

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA DEZASETE DE AGOSTO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e cinco minutos do día dezasete de agosto de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**


Dáse conta da acta da sesión celebrada o tres de agosto do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 1.260/10 de don Severo Carrillo Domínguez**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, en representación de don Ramón Manuel Carrillo Barros, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 150 m<sup>2</sup> de superficie, consistente na substitución da tella da cuberta, situado no lugar de Eiravedra, en solo cualificado no PXOM como urbano (U-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons, non permitíndose a apertura de novos ocos. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas



obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e tres euros con catro céntimos (#83,04#)

2.2.- Instancia num. 1084/10 de Adrián Parada García e Raquel Rodríguez Baldonero

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicitan licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Tomonde, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+B+1; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 120.000,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; en cumprimento do artigo 29 da citada lei deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos estremeiros será de 3,00 mts e debendo gardar a distancia das aliñacións respecto do viais. Antes do comezo das obras deberá obter a autorización da empresa subministradora de enerxía eléctrica e presentar os documentos de cesión e compromiso de conexión

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil catrocentos (#2.400,00#) euros

3º.- Acordo, se procede, sobre do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011

Dáse conta da bases modificadas reguladoras do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 (BOP num. 123/10, do 1 de xullo)

Dáse conta asimesmo da circular remitida pola Excm. Deputación Provincial para a presentación das solicitudes para a anualidade 2011, xunto coa listaxe cos datos de adxudicación das obras deste concello incluídas no PCC 2008-2011, desagregando a baixa de licitación producida entre a Deputación e o Concello, como consecuencia da utilización do criterio de aplicación de baixas previsto na base 7.4

ACHEGA PROVIN ASIGNADA	ACHEGA PROVIN OBRAS XA APROB.	BAIXAS LICITAC. ACHEGA	ACHEGA PROVINCIAL
---------------------------	----------------------------------	---------------------------	----------------------



		PROVINCIAL	APLICAB. ANUALIDADE 2011
409.741,18	409.701,24	20.618,89	20.658,83

A Xunta de Goberno, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno, acorda:

1º.- Participar no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Ampliación da rede de saneamento en Outeiro</i>	<i>39.866,03</i>	<i>19.207,20</i>	<i>20.658,83</i>

Aprobar o proxecto técnico da citada obra redactado polo arquitecto don Fernando Faya Martínez

2º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra

3º.- Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento

4º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

5º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Facultar ó Sr. Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo

#### 4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións

4.1.- Solicitude de subvención para o financiamento de gastos correntes da oficina de información ós consumidores (OMIC) para o ano 2010

Dáse conta da Resolución do Instituto Galego de Consumo, do 28 de xullo de 2010, pola que se convoca e se regula a concesión de subvencións ós concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de gastos correntes das súas oficinas municipais de información ós consumidores (OMIC) para o ano 2010 (DOG num. 151/10, do 9 de agosto)

A Xunta de Goberno, ó abeiro da mesma, acorda acollerse ó sistema de axudas regulado na mesma e ó mesmo tempo aprobar a previsión de gastos que se relacionan a seguir:



GASTOS FUNCIONAMIENTO E MANTENIMENTO	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA DO CONCELLO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
<i>Alugamento</i>	0	0	0
<i>Gastos de persoal contratado</i>	30.000	9.000	21.000
TOTAIS	30.000	9.000	21.000

4.2.- Solicitud de subvención para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ó cambio climático, implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), así como outras actuación de carácter ambiental

Dáse conta da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, do 22 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ó cambio climático, implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), así como outras actuación de carácter ambiental, e faise pública a súa convocatoria para o ano 2010 (DOG. Num. 142/10, do 27 de xullo)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda aprobar a participación nesta convocatoria e solicitar unha axuda para a ampliación do punto limpo segundo a memoria valorada redactada polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez e para a adquisición de colectores .


#### 4.3.- Solicitud de subvención para proxectos de aforro enerxético

Dáse conta da Resolución do Instituto Enerxético de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ó exercicio 2010, cofinanciadas polo Feder no marco do programa Feder - Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria (DOG num. 143/10, do 28 de xullo)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención, comprometéndose a realizar a actividade para a que se pide a subvención, no caso de obtela.

#### 5º.- Dar conta de Resolucions da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de agosto do ano que andamos, pola que se acorda levar a cabo as obras de ampliación das redes de abastecemento e saneamento ata o albergue de Outeiro, mediante contrato menor, co contratista Construcciones Boqueixón, S.L por importe de trinta e tres mil cincocentos once euros con sesenta e catro céntimos (#33.511,64#) euros e seis mil trinta e dous euros con dez céntimos (#6.032,10#) euros de IVE, financiadas parcialmente co convenio asinado entre este concello e a S.A de Xestión do Plan Xacobeo



A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de agosto do ano que andamos, pola que se publica a lista definitiva de candidatos, désígnanse os membros da Mesa de Selección e fíxase día, hora e lugar de celebración das probas para a contratación dun oficial de segunda e un oficial de terceira albanel incluídas no Plan de Cooperación

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de agosto do ano que andamos, pola que se publica a lista definitiva de candidatos, désígnanse os membros da Mesa de Selección e fíxase día, hora e lugar de celebración das probas para a contratación de dous oficiais de segunda de protección civil incluídas no Plan de Cooperación

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de agosto do ano que andamos, pola que se autoriza o disparo de fogos de artificio os días 19,27 e 28 de agosto en San Pedro de Vilanova, con motivo da celebración das festas do Santiaguíño

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de agosto do ano que andamos, pola que se lle concede o tratamento de fisioterapia solicitado a dona Ofelia Dono Gamallo segundo o artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do citado servizo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de agosto do ano que andamos, pola que se modifica o importe que debe contribuir a menor Ursula Canosa barco por asistencia á escola infantil para o curso 2010-2011, ó variar as circunstancias familiares.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## **6º.- Outros asuntos**

Non se presentaron

